


## COMEZAN OS ACTOS CENTRAIS DA XXV SEMANA CULTURAL



Na semana do 19 ó 23 de marzo tivemos os actos centrais da XXV Semana Cultural que estamos repartindo ó longo deste curso académico 18-19.

## "NURIA EN ACCIÓN". 3ª XORNADA DA XXV SEMANA CULTURAL. OBRADOIRO DE TEATRO



A actriz, asistente de dirección e asesora teatral, Nuria Sanz Santás, achegóunos a arte da interpretación en este interesantísimo obradoiro.

**PÁXINA 1:** Comezan os actos centrais da Semana Cultural | Obradoiro de teatro

**PÁXINA 2:** Entroido 2018 | Concertos didácticos no Auditorio de Galicia | Obradoiro sobre primeiros auxilios | Outras actividades

**PÁXINA 3:** Xornada sobre os incendios forestais | Auxiliar de conversa dos EE.UU. | A nosa biblioteca | Blogues no instituto

**PÁXINA 4:** Roteiro literario "A Esmorga" e Termas de Outariz | Patinaxe sobre xeo na Coruña | Teatro Grecolatino en Lugo | Actividades do día da paz | Gráfica de resultados académicos

# ENTROIDO 2018



O festival e o photocall. Que divertido...!

## CONCERTOS DIDÁCTICOS NO AUDITORIO DE GALICIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Xaneiro foi tempo dos concertos didácticos. As “Lollipops” e “Todo percusión” melloraron as formas de gozar da música.

### OBRADOIRO SOBRE PRIMEIROS AUXILIOS



Obradoiro de Primeiros Auxilios. Cruz Vermella de Betanzos. Departamentos de E. Física, Orientación e FOL. Fundamental para salvar vidas... .

### ... E ADEMÁIS

**8 DE MARZO. DÍA DA MULLER:** Todos os días son o día das mulleres. No noso IES sabémolo...

**XX CONCURSO DE PEPERETADAS DO NOSO ENTROIDO:** Excelente degustación das sobremesas tradicionais. Grazas polo gran traballo dos participantes, xurado e membros do Departamento de Lingua Galega e do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

**CALENDARIOS MENSUAIS:** O E.N.D.L. segue a realizar uns calendarios de aula que ademais de cumprir coa función informativa das AA.EE. son moi bonitos e prácticos.

## 4ª XORNADA DA XXV SEMANA CULTURAL: “OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA. AS SÚAS CAUSAS E AS SÚAS CONSECUENCIAS”



O día 27 de febreiro o técnicos da Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para analizar en profundidade a problemática dos incendios, que destrúen o noso patrimonio natural.

## A NOSA AUXILIAR DE CONVERSA DOS EE.UU.: NORMA



Despedimos á nosa auxiliar de conversa de Nova York, Norma, que regresa para retomar a súa vida profesional nos Estados Unidos de América. Quedamos apenados pola súa marcha e agradecidos polo seu traballo e dedicación...

# A NOSA BIBLIOTECA

Neste segundo trimestre a nosa biblioteca segue co seu traballo diario para ofrecer, da mellor maneira posible, os servizos que a comunidade educativa lle demanda: espazo para o labor académico, para a lectura informal, fonte de recursos para a investigación e a información e motor que impulsa o coñecemento e a interacción social a través de exposicións, concursos e difusión de determinados tipos de fondos. Velaquí as actividades arredor das que se moveu o traballo do equipo de biblioteca neste segundo trimestre:

- Día da Paz: exposición de libros e DVD relacionados co tema. Homenaxe a Nelson Mandela e a Martin Luther King, premios Nobel da Paz, nos aniversarios de nacemento e pasamento. Citas para a Paz: busca co alumnado, en varias linguas e materias, de mensaxes en diferentes linguas relacionadas coa necesidade dun mundo cada vez máis alonxado dos conflitos.

- Exposición no patio cuberto de imaxes relacionadas co Entroido en distintos lugares do mundo.

- Exposición de obras, carteis e textos no Día de Rosalía

- Mantemento do blog da biblioteca ([curtisbiblio.blogspot.com](http://curtisbiblio.blogspot.com)) e do club de lectura Fendetestas ([clubfendetestas.blogspot.com](http://clubfendetestas.blogspot.com)), con entradas varias sobre exposicións, conmemoracións, lecturas, actividades...

- Participación no proxecto E-LBE 2: tarefas de formación e valoración do pedido para a adquisición de soportes de lectura dixital.

- Encontro coa escritora Marisol Ortiz de Zárate.

- Concurso e exposición arredor da temática Quen é esa Muller?, destinado a difundir o traballo da muller en diferentes épocas e campos da realidade.

- Adquisición, catalogación e exposición de novidades.

- Control de préstamos e devolucións para mellorar o servizo.

- Actualización dos materiais teóricos e audiovisuais necesarios para a posta en práctica do obradoiro de lectura reflexiva e crítica E ti, sabes ler... publicidade?, actividade desenvolta dentro da Semana Cultural.

## BLOGUES NO INSTITUTO

No noso centro temos blogues que podedes consultar e descubrir cousas interesantísimas:

- Biblioteca:

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/>

- Filmografía que forma parte dos fondos da nosa biblioteca:

<http://curtisdecine.blogspot.com.es/>

- Clube de lectura Fendetestas:

<http://clubfendetestas.blogspot.com.es/>

- Orientación: <http://orientatron.blogspot.com.es/>

- ENDL: <http://sondenoso.blogspot.com.es/>

A nosa páxina do IES de Curtis en Facebook, como complemento informativo á nosa vida escolar e académica, xa operativa: @iesdecurtis e que podedes seguir tamén dun xeito oficial na páxina web do IES: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>.

## ROTEIRO LITERARIO "A ESMORGA" DE BLANCO AMOR E TERMAS DE OUTARIZ, OURENSE



Nun día frío de febreiro os alumnos e as alumnas de 4º de ESO Fixeron un roteiro literario pola cidade das Burgas. E, para entrar en calor, visitaron e gozaron das termas de Outariz.

## TEATRO GRECOLATINO, LUGO



O 5 de marzo os alumnos e alumnas de Latín e Cultura Clásica coñecimos e gozamos do teatro grecolatino.

## ACTIVIDADES DO DÍA DA PAZ



O 31 de xaneiro conmemoramos o día da Paz. Estas dúas alumnas de 2º ESO A fixeron este fermoso proxecto de pombiñas mensaxeira. Grazas a tod@s!


## PATINAXE SOBRE XEO, NA CORUÑA



Os alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO practicarón as habilidades do patinaxe sobre xeo. Desprazáronse á Coruña á pista de xeo no C.C. Marineda a iniciarse na técnica do patinaxe sobre xeo. Voltaron todas e todos sans, salvos e contentos...

## RESULTADOS 1ª AVALIACIÓN

■ Aproban todo ■ Suspenden 1 ■ Suspenden 2 ■ Suspenden +



???

Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis

DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre  
VICEDIRECTOR: Alberto Alonso Güemes  
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez  
SECRETARIO: José Antonio Paz López  
ORIENTADORA: Eva Sanz Santás

equipo de normalización lingüística | ies de CURTIS

IES DE CURTIS  
Rúa Xermán de Castro s/n 15310  
Curtis (A Coruña)  
Tlf 881 880 620 / Fax 881 880 629  
www.edu.xunta.es/centros/iescurtis